

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 9

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Federico Fernández Fernández (CIG)- Escusa ausencia

Xosé Luciano Otero Camiña (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Mollinedo (CIG)- Escusa ausencia

Roberto Otero Ledo (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)- Escusa ausencia

Margarita Turnes Negreira (CCOO)- Escusa ausencia

Manuel Marcos García (CCOO)

José Estévez Vázquez (CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 09:30h, do 16 de maio de 2019 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

2. Modelo de estrutura dos exercicios dos procesos selectivos dos grupos I e II de PAS laboral.

3. Temarios dos procesos selectivos das categorías TSTIC, TS Teledocencia, TS Orientación e Promoción do Emprego e TS de Igualdade (trasladados nas propostas de convocatorias remitidas para a anterior xuntanza do 2/5/2019)

4. Temario do proceso selectivo I+D da OEP 2017.

5. Proposta de convocatoria de ampliación de listas de agarda das categorías de TE de Física e TS de microscopía electrónica.

6. Rogos e preguntas

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Apróbase e asínase a acta da reunión anterior de 02 de maio de 2019.

2. Modelo de estrutura dos exercicios dos procesos selectivos dos grupos I e II de PAS laboral.



A xerenta comeza indicando que tal e como solicitaran os comités, enviouse a estrutura dos grupos I e II. Quere aclarar que esa sería a estrutura coa salvante dalgunha categoría do Grupo I na que se esixe inglés, como por exemplo TS de I+D. No que se refire ao galego, a proba sería non eliminatória e segundo a Lei da Función Pública de Galicia quedarían exentos as persoas candidatas que estiveran en disposición do Celga 4. As puntuacións foron feitas tendo en conta as porcentaxes que establece o Convenio Colectivo.

A presidenta do Comité de Empresa de Pontevedra está de acordo no primeiro exercicio proposto pero non o está en que haxa outros dous máis xa que sempre foi costume que houbera un primeiro exercicio tipo test e un segundo de desenvolvemento de temas ou suposto práctico. Di que as universidades de Santiago de Compostela ou Coruña teñen dúas probas e aduce ademais que na escala de xestión só hai dúas probas.

A xerenta di que considera algo escaso que só haxa dúas probas nos grupos I e II e no referente á escala de xestión aclara que se trata de promoción interna e non acceso libre.

A presidenta do Comité de Empresa de Pontevedra no referente ao galego cre que a mellor opción é que se cualifique de apto (4 puntos) ou non apto. É dicir, todos os que fagan o exame e o superen se lle dean 4 puntos ao igual que os que teñen o Celga 4.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense suxire que, dado que o galego non é eliminatorio, que vaia ao final da estrutura, especificando na convocatoria as equivalencias co Celga 4. Propón que se faga un exame de galego de máximo 4 puntos con dúas partes diferenciadas: unha escrita de máximo 2 puntos e unha oral de máximo 2 puntos, o resultado da suma desas notas será a nota do galego, sen apto e non apto. Estaría exentos de facer o exame os que posúan o Celga 4. No que se refire á estrutura decántase por facer un exame tipo test e outro práctico, tanto para grupo I como grupo II. Solicita tamén que o tempo non sexa un elemento eliminatorio, é dicir, que haxa tempo suficiente para a realización do exame.



José Manuel García Eirín di que poñer un tempo de realización moi escaso tamén limita ao tribunal á hora de elaborar as preguntas, dado que han de ter a complexidade axeitada para que a persoa aspirante sexa capaz de realizalo nese tempo establecido.

A xerenta di que efectivamente o tempo non debe ser un elemento fundamental pero tampouco pode ser ilimitado.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense di que a valoración dos exercicios debería ser diferente, proponendo 35 puntos a primeira proba e 40 a segunda.

A xerenta está de acordo que sexan dous exercicios no lugar de tres tanto para o grupo I como o grupo II. O primeiro exercicio sería tipo test de 120 preguntas con 8 de reserva e 130 minutos de duración. A segunda proba sería un o varios supostos prácticos con 180 min de duración. No referente ao galego, está de acordo co proposto polo CE Ourense.

3 e 4. Temarios dos procesos selectivos

A xerenta di que se enviaron os temarios aos Comités, e que para a súa elaboración, se consultou co persoal responsable destas categorías.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense solicita que nas convocatorias se faga constar que as probas non comezarán antes dunha data determinada.

A xerenta está de acordo en indicar nas convocatorias que as probas non empezarán antes do 1 de outubro.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense di que non está de acordo en que para figurar na lista de agrada haxa que manifestalo. Pide que figurar en esa lista de agrada sexa sistemático, polo que se a posteriori algún candidato/a non quere que o contraten, xa o manifestará no seu momento. Con isto evítase que alguén poida esquecerse de anotarse nas listas.

A xerenta non ve problema en que iso sexa así.

O Vicexerente de Persoal aclara que, coa intención de non propoñer un temario común para as persoas aspirantes por promoción interna, se incluíron nos temarios tres temas na parte específica: Protección de datos, Igualdade e Transparencia, que se consideran de imprescindible coñecemento.

O presidente do Comité de Empresa de Ourense di que en TSTIC só hai unha categoría profesional o que leva que o temario se esixe todo para despois ter que traballar só en dúas áreas.

A Xerenta di que ao modificarse a estrutura dos exercicios xa non vai haber tema a desenvolver polo que iso influirá nos temas esixidos.

A presidenta do Comité de Empresa de Pontevedra di que non lles deu tempo a ver todos os temarios enviados ao ser estes moi técnicos. Engade que unha vez analicen todo o achegado por xerencia na semana que vén enviarán as súas alegacións.

A xerenta establece de prazo finais vindeira semana.


5. Proposta de convocatoria de ampliación de listas de agarda das categorías de TE de Física e TS de Microscopía Electrónica.

A xerenta explica que a convocatoria de TE en Física corre présa en convocarse. Enviouse unha convocatoria semellante á última enviada de Química cos cambios obvios no temario, e de non haber alegacións tentará publicarse o antes posible. En relación a convocatoria de TS de Microscopía Electrónica aclara que se enviou a posteriori un temario sensiblemente máis reducido.

6. Rogos e preguntas

A xerenta formula o tema das xubilacións aos 65 anos que segundo o Convenio Colectivo está previsto. Esta cláusula quedou en suspenso porque segundo a lexislación os Convenios Colectivos non podían establecer unha idade de xubilación. Coa modificación de xaneiro de 2019 pódese volver a retomar este tema. Di que a xerencia vai facer unha proposta de redacción dos artigos adaptándose á lexislación vixente.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:30h.

Three handwritten signatures in blue ink are visible at the bottom of the page. The first signature on the left is a cursive name that appears to be 'Jana'. The second signature in the middle is a stylized, abstract mark. The third signature on the right is a more complex, cursive signature.